

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027885	IES Lamas de Castelo	Carnota	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	30
4.2. Materiais e recursos didácticos	31
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	31
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	32
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	33
6. Medidas de atención á diversidade	34
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	36
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	36
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	38

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de noções básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa. Este fomento do ensino-aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional»

Esta é a programación de Lingua Galega e Literatura de 1º de ESO para o ano académico 2023/24 que será impartida no IES Lamas de Castelo.

O IES Lamas de Castelo está situado no concello de Carnota, o cal está situado no extremo occidental da provincia da Coruña, bordeando a costa atlántica e os concellos de Muros, Dumbría e Mazaricos. A poboación do concello de Carnota é lixeiramente inferior a 4000 habitantes repartidos en 5 parroquias (Lariño, Lira, Carnota, San Mamede e O Pindo) cunha superficie total de 66,4 quilómetros cadrados.

No IES Lamas de Castelo soamente se imparte a Educación Secundaria Obrigatoria e comezou a funcionar no ano 1998 e en 1999 iniciáronse as clases no edificio actual, que depende da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Comunidade Autónoma de Galicia.

O alumnado do IES Lamas de Castelo procede, na súa maioría, de dous centros educativos: CEIP do Pindo e o CEIP de Carnota. Desde o curso 2016/17, o IES Lamas de Castelo está adscrito ao IES Plurilingüe Fontexería, de Muros. Outros centros que reciben o noso alumnado cando rematan a ESO son o IES Agra de Raíces e o IES Fernando Blanco, os dous en Cee.

O IES Lamas de Castelo conta durante este curso 2023/14 con 68 estudantes e 17 docentes. A materia de Lingua Galega e Literatura de 1º de ESO organízase nun grupo de 12 alumnos/as e será impartida por María Luz Barreiro Otero, xefa do departamento unipersoal de Lingua Galega e Literatura.

A materia de Lingua Galega e Literatura de 1º de ESO é unha materia troncal obrigatoria que conta con 3 sesións, que se imparte evidentemente en galego.

Esta programación didáctica está redactada tendo en conta o seguinte marco lexislativo:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE)

- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 16 de maio de 2023, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coas palabras e cos xestos	Os elementos da comunicación. Da palabra ao texto. O texto e as súas clases. Os textos da vida cotiá. Tipos de textos: literarios e non literarios. As diferenzas máis relevantes entre a lingua oral e a lingua escrita. Os rexistros lingüísticos. A diversidade lingüística e as linguas da península Ibérica: catalán, éuscaro, portugués... Lingua, linguaxes e diversidade. Bilingüismo e plurilingüismo. O dicionario e o alfabeto. A grafía das letras.	10	10	X		
2	Procúrase reporteiros	Os xéneros discursivos propios do ámbito social das redes sociais e dos medios de comunicación (noticias, mensaxes instantáneas, correos electrónicos...). A estrutura do xornal. As súas características formais e análise das mesmas. A estrutura da palabra e a formación de palabras. As relacións semánticas: sinonimia e antonimia. As vogais e o seu timbre Contidos literarios: análise do libro de lectura trimestral. Como facer unha ficha técnica, analizar personaxes, tempo, espazo, opinión...)	10	12	X		
3	Unha aventura substantiva	As modalidades textuais: a narración e o	12	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Unha aventura substantiva	<p>diálogo.</p> <p>Características principais dos textos narrativos.</p> <p>Palabras monosémicas e palabras polisémicas</p> <p>O substantivo e o artigo</p> <p>Sílabas tónicas e sílabas átonas</p>	12	12	X		
4	Os trazos importantes	<p>A tipoloxía textual: a descrición e a exposición.</p> <p>O adxectivo. Clases de adxectivo. O xénero, o número e os graos</p> <p>A homonimia e a paronimia. Os falsos amigos en xeral, e entre galego e portugués.</p> <p>O til ou acento gráfico. A acentuación das palabras agudas.</p>	10	12		X	
5	Cociñando historias	<p>Os textos literarios. Os recursos estilísticos. O campo semántico.</p> <p>Os determinantes. Demostrativos e posesivos. Numerais e indefinidos.</p> <p>O acento gráfico nas palabras graves e esdrúxulas.</p> <p>Incorporación aos textos dos conceptos estudados para mellorar a coherencia, a cohesión, a adecuación, a precisión léxica, a corrección gramatical, coa axuda de distintos recursos (dicionarios, manuais de consulta, procesadores de texto e correctores ortográficos). Os conectores textuais</p> <p>Obra de lectura obrigatoria. Análise e elaboración de recomendación lectora.</p>	12	10		X	
6	Xuntos e revoltos	<p>Os xéneros literarios. Características principais dos distintos xéneros.</p> <p>A abreviación: abreviaturas e siglas.</p> <p>Os pronomes. Os pronomes tónicos.</p> <p>Estudo das normas ortográficas. Uso de b e v.</p> <p>Análise da linguaxe non discriminatoria, non sexista e respectuosa coas persoas.</p>	10	14		X	
7	Entre lendas anda o conto	<p>A narrativa popular. Conto popular e conto literario. As lendas. As lendas galegas.</p> <p>O pronome persoal átono. Colocacións xerais e usos. Outros pronomes.</p> <p>A abreviación: acrónimos e símbolos.</p> <p>Regras ortográficas. Uso de s e x. Uso de c e z</p> <p>O coñecemento e a identificación de fenómenos dialectais (seseo, gheada...) característicos da contorna do alumnado e a riqueza lingüística.</p>	10	14			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Entre lendas anda o conto	Os xéneros discursivos propios do ámbito educativo: subliñado, resumo e esquema.	10	14			X
8	Heroes da banda deseñada	A banda deseñada. Características. A derivación: formación de substantivos e adxectivos. O verbo. Concepto, raíz verbal e desinencias. Número e persoa. Tempo e modo. As formas non persoais. Regras ortográficas: o uso dos dígrafos ch, gh e nh. O coñecemento e identificación das principais funcións sintácticas (SUX, PDO, CD, CI e CC).	12	10			X
9	Eu tamén rimar!	As características do xénero lírico. A métrica e a rima. A poesía e a regueifa. A derivación: formación de verbos e adverbios. A conxugación verbal. Os modos do verbo. O infinitivo flexionado. Os verbos irregulares. Os verbos con alternancia vocálica. Reglas ortográficas: uso dos dígrafos ll, qu e rr. Os prexuízos que lle afectan ao galego. As interferencias lingüísticas entre o galego e o castelán. A detección e correccións de castelanismos léxicos frecuentes nos textos do ámbito persoal, social e académico.	14	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coas palabras e cos xestos	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Identifica o tema e as ideas principais dun texto escrito e multimodal.	PE	40
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e corrixe os seus propios textos.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica os elementos da comunicación nun texto oral ou nunha imaxe e domina os conceptos.		
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Localiza nun mapa da Península Ibérica a situación xeográfica das linguas de España e Portugal, coñece datos sobre a súa orixe e recoñece a área dialectal á que pertence.	TI	60
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identifica, nunha conversa ou nunha imaxe, os principais elementos do feito comunicativo (emisor, receptor...) e recoñece trazos característicos das secuencias textuais dialogadas.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha breve presentación da súa biografía lingüística. Indica que linguas fala, escribe ou aprende, como as aprende, que lingua/s utiliza/n a súa familia ou persoas achegadas...		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nunha conversa sobre o inicio de curso e o instituto.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Comprende os elementos da comunicación e tenos en conta á hora de falar.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Detecta e corrixe os usos discriminatorios da lingua e evita usalos na súa linguaxe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Participa activamente na análise dos textos traballados na aula e comprende as ideas principais.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Identifica, en textos dados algúns trazos formais do xénero literario (poesía, narrativa...)		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Localiza e selecciona información para os seus traballos e cita as fontes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán. - Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatórios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da pa-labra e dos usos manipuladores da linguaxe.

Contidos

- Producción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Procúrase reporteiros	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identifica, en textos escritos, orais ou multimodais, as características dos textos xornalísticos (estrutura, tipos...).	PE	40
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os textos para mellorar a precisión léxica co uso de sinónimos e antónimos.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Localiza os elementos básicos da formación da palabras (lexema e morfemas)		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica o propósito da comunicación nun texto xornalístico.		
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece nun mapa as principais familias lingüísticas e linguas do mundo e identificar algúns sistemas de escritura destas.	TI	60
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado redacta, de acordo coas pautas da tipoloxía textual, unha noticia cos seus titulares correspondentes.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa nas conversas na aula, con actitude de escoita activa, e gardando as quendas.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Le noticias de diversos xornais e analízalas criticamente, citando as fontes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Realiza por escrito unha reflexión coherente sobre as posibles manipulacións nas canles de transmisión de información.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade...) do libro de lectura obrigatoria.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora o contido e algúns aspectos formais (temática, espazo, personaxes...) do libro de lectura obrigatoria.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Acode á biblioteca escolar, selecciona unha obra de acordo cos seus gustos ou preferencias de lectura e explica o motivo da súa escolla.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe distinguir ben o timbre das vogais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
3	Unha aventura substantiva	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Redacta textos narrativos seguindo as características lingüísticas desta tipoloxía textual e aplicando as relacións semánticas da monosemia e a polisemia.	PE	50
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redactar os seus textos empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros lingüísticos, especialmente, no uso dos artigos e dos substantivos.		
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado le textos narrativos en portugués, catalán e éuscaro e identifica algúns elementos do sistema ortográfico de cada lingua.	TI	50
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa activamente e seguindo as pautas da cortesía lingüística en conversas e diálogos respectando as quendas e colaborando cos compañeiros nunha conversa fluída.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza contos e historias da literatura popular e cita correctamente as fontes e a propiedade intelectual.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea e recrea textos narrativos con intención literaria a partir doutros da tradición oral popular.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa. - Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
4	Os trazos importantes	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende e interpreta os textos descritivos e expositivos e interpreta as súas características lingüísticas, atendendo especialmente ao uso dos adxectivos.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Emprega correctamente os adxectivos, seguindo as normas de concordancia, de graos.. nas súas descrições, así como o uso dos signos de puntuación básicos (punto, coma, dous puntos).		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Entende e interpreta o tema e as ideas principais dun texto expositivo sinxelo.	PE	60
<ul style="list-style-type: none"> - Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura con perspectiva de xénero. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
9	Eu tamén rimar!	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Identifica nos textos as características do modo verbal, as formas non persoais, os verbos irregulares e con alternancia vocálica.	PE	40
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica as interferencias lingüísticas co castelán, especialmente no uso castelanizado das formas verbais e dos castelanimos léxicos máis comúns.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Ler e identificar fragmentos dos xéneros e subxéneros literarios traballados ao longo do curso, tendo en conta as súas características lingüísticas e estruturais.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Le textos poéticos na aula coa entoación apropiada e coa axuda dos compañeiros/as analiza o significado.	TI	60
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Busca poemas populares e regueifas na biblioteca ou na rede e compárteos na aula co grupo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Realiza unha lectura expresiva na aula dos poemas analizados ou de creación propia.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Lectura dramatizada na aula dun texto teatral para analizar as súas características.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Compón poemas e regueifas coa axuda dos compañeiros e compañeiras do grupo e recítaos na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movemen-tos artísticos. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios. - Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais. - Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

Contidos

- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

4.1. Concrecións metodolóxicas

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura oríentase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos das persoas. Deste xeito, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate da etapa.

O traballo nesta materia debe orientarse, polo tanto, a afianzar e desenvolver as capacidades comprensivas e expresivas do alumnado, desenvolvendo as catro capacidades básicas: comprender / falar e ler / escribir. Ademais, no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER) fálase da competencia plurilingüe e intercultural, co tal trataremos de levar a cabo un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe. Para isto, pretendemos a coordinación coas outras linguas para tratar un currículo integrado, en contidos similares, terminoloxía... á hora de elaborar proxectos conxuntos desde un enfoque comunicativo, plural e transversal, polo que todas as linguas do centro trataremos de pór en práctica os acordos tomados para unificarmos a terminoloxía, as pautas para a presentación de traballos escritos e a citación bibliográfica nos mesmos. Trataremos de aproveitar ao máximo posible as explicacións teóricas sobre tipoloxía textual dunhas linguas para outras, isto é, se, por exemplo, en Lingua Castelá se explica o texto argumentativo, en Lingua Galega poden analizarse e compoñerse eses textos, e ao revés con respecto a outras tipoloxías. Tamén se traballará en coordinación co Equipo de Biblioteca e co Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

A metodoloxía atenderá as diferenzas do alumnado con actividades de exercitación, ampliación e reforzo. Traballar a lectura comprensiva por medio de todo tipo de textos, tanto textos continuos (expositivo, descritivo, narrativo, literario, xornalístico, hipertexto...) como textos descontinuos (cadros ou gráficos, táboas, mapas, follas informativas, anuncios, infografías, mapas conceptuais...).

Utilizar as seguintes estratexias lectoras:

Antes da lectura (facer explícito o obxectivo da lectura, comprender os propósitos, activar os coñecementos previos, ensinar o vocabulario necesario, precisar como se debe ler). Durante a lectura (elaborar e probar predicións, realizar inferencias e resolver dúbidas de comprensión, recapitular periodicamente o contido, avaliar o contido ou a forma do texto).

Despois da lectura (sintetizar o contido, avaliar a resposta do texto ás expectativas planeadas).

Para levar a cabo esta metodoloxía da lectura comprensiva necesitamos fixar un tempo mínimo diario, uns 20 minutos de media, que sempre se poden ampliar ou reducir dependendo das necesidades concretas de cada sesión de clase. Ademais, neste curso, continuaremos coa "Hora de ler", co que se incorporan 15 minutos diarios de lectura para todo o alumnado. Ademais, utilizaranse os recursos da biblioteca.

Continuaremos traballando coas novas tecnoloxías, este curso especialmente ao incorporarnos a E-DIXGAL e traballar no EVA (Espazo Virtual de Aprendizaxe) para desenvolver a competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual. O alumnado procurará en Internet información para os seus traballos e, logo de tratala e redactala, entregará eses traballos como tarefas na aula de E-DIXGAL, o espazo de comunicación coa profesora alén da propia aula física. Usarase o ordenador da aula coa pantalla EDI, o canón e os ordenadores do alumnado.

Debemos ter en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, para favorecer a capacidade de aprenderen por si mesmos e coa colaboración en equipo.

Promoverase un modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio dos sistema fonético-fonolóxico tanto vocálico coma consonántico, o uso do léxico tradicional e o emprego das estruturas morfosintácticas galegas, á vez que se erradicán os prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos.

Traballarase na detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo coma noutros ámbitos. Fomentarase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Vigo: Xerais.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Vigo: Xerais.
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Xerais. Vigo
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG

Este é o segundo curso con EDIXGAL en 1º e o alumnado non dispón dun libro de texto físico, senón que os materiais están colgados no seu libro dixital, no EVA, o Espazo Virtual de Aprendizaxe. Ademais dos materiais teóricos e prácticos que teñen na plataforma á súa disposición, complementáanse con algúns materiais fotocopiados e co caderno da aula.

Ademais, contamos con outros recursos na propia biblioteca de aula e na biblioteca do centro. Esta ofrece, ademais, obras de lectura, moitos dos materiais de consulta referenciados arriba, así como mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. En resumo, dispoñemos de:

- Medios audiovisuais: ordenadores, pantallas dixitais, canón, impresoras, tablets...
- Recursos dixitais: dicionarios en liña, xornais dixitais e acceso a diversos portais da lingua (Portal da Lingua Galega, Portal das Palabras), blogs, aplicacións etc.
- Material bibliográfico: libros de lectura, libros de texto e de consulta, dicionarios en papel, xornais, revistas, mapas etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel. Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Utilizaranse algúns destes instrumentos:

Cuestionarios escritos iniciais.

Cuestionarios orais breves ao comezo de cada aula, aproveitando que se pasa lista.

Proba de lectura para comprobar a fluidez.

Textos escritos breves sobre os textos lidos e sobre contidos que deberan estar asimilados.

Exame superficial do traballo no caderno individual.

Recolleranse datos sobre os seguintes indicadores:

Capacidade de comprensión utilizando contidos vellos.

Capacidade de memorización comprensiva e interiorización de contidos novos.

Capacidade xeral de comunicación.

Estes datos compararanse cos recollidos polo resto do profesorado na sesión de avaliación inicial (4 de outubro). Valorarase entón que elementos do proceso de ensino/aprendizaxe están mediatizados polas actitudes e cales responden a situacións determinadas a respecto das áreas lingüística e socio-cultural de cada alumno/a. En función dos resultados, se valoramos que algún alumno ou alumna o necesita, propoñeránselle as medidas de atención á diversidade (as recollidas no apartado 6 desta programación) que mellor se adapten a cada caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	12	10	12	10	10	12	14	100
Proba escrita	40	40	50	60	45	50	50	40	40	46
Táboa de indicadores	60	60	50	40	55	50	50	60	60	54

Criterios de cualificación:

Nota aclaratoria sobre os instrumentos de avaliación:

Entendemos como "Proba escrita" calquera mostra escrita elaborada polo alumnado, tanto exames escritos coma comentarios, reflexións, análises de textos que o alumnado vai elaborando ao longo das distintas unidades didácticas.

Entendemos como "Táboa de indicadores" as rúbricas de avaliación de interaccións orais e as guías ou fichas individuais de seguimento do traballo do alumnado.

Para cualificar utilizaremos estes procedementos e instrumentos de avaliación

---Observación na aula (e/ou en E-Dixgal) das tarefas habituais, acompañada dun seguimento, supervisión e corrección continua e inmediata; da participación e integración no grupo, seguimento do traballo na aula e na casa, a presentación das tarefas escritas no caderno / na aula virtual, o progreso na lectura e na comprensión e expresión oral e escrita e as actitudes positivas cara a adquisición de hábitos de traballo intelectual, así como a un uso da linguaxe non discriminatoria.

---Probas escritas referidas aos distintos criterios de avaliación e contidos.

---Traballos escritos que se realizan a diario na aula/ en E-Dixgal (tarefas), que se fagan na casa ou aqueles que deban ser entregados nun prazo concreto para avaliar distintos aspectos da materia (control de lectura, redaccións variadas, análises de textos...).

---Traballo oral de carácter individual ou grupal referido ás situacións de aprendizaxe, ao contidos e ás competencias. Terase en conta a posibilidade da autoavaliación e coavaliación para que cada alumno e alumna controle a propia aprendizaxe, xulgando a súa competencia. Cómpre poñer especial coidado na recollida de datos pertinentes para a valoración xusta e adecuada de cada alumno e alumna. Recolléranse en fichas individuais anotacións sobre aspectos que resultan difíciles de avaliar mediante probas de exame, senón que serán avaliadas ao longo de todo o curso. Estámonos referindo a aspectos como a corrección lectora e escrita, a superación de prexuízos lingüísticos, actitude respectuosa no uso da palabra durante as sesións de clase, respecto aos compañeiros e compañeiras, ao profesorado e ao material en xeral.

Os instrumentos utilizados na avaliación serán:

- Exames teóricos orais ou escritos.
- Control sobre as lecturas obrigatorias: poderán realizarse probas escritas ou orais, exposicións orais, traballos sobre as lecturas, dependendo do trimestre.
- Realización na aula /na aula virtual e traballos feitos.

A nota final da avaliación terá en conta:

- 60% Exames orais ou escritos
- 10% Lecturas obrigatorias
- 30% Realización na aula e traballos feitos

Exames teóricos escritos:

En 1º da ESO faranse dous exames no trimestre. Todos os exames serán puntuados cunha nota numérica de 0 a 10 puntos. Os exames combinarán distintos tipos de cuestións: preguntas breves, de desenvolver, definicións, redacción, análise de textos... para ver que o alumnado aprende a relacionar contidos. Nos exames e traballos escritos (traballos

de lecturas, redaccións, relatos...) teranse en conta e especialmente as faltas de ortografía e de acentuación e as interferencias co castelán. Coa finalidade de fomentar a atención no alumnado e a corrección, estas serán penalizadas cun 0,25 menos e cun 0'5 as faltas moi graves (o uso do y, utilización de minúsculas en nomes propios) ata un máximo de 2 puntos. No caso de que se repita a palabra coa mesma falta, só se penalizará unha vez. Tanto os exames coma os traballos deberán ser entregados cunha presentación coidada, isto é, unha caligrafía lexible, uso de marxes, sangrías e limpeza e orde na escrita. O alumnado que sexa descuberto copiando nun exame (ben a través de 'chuletas' ou dun compañeiro/a) terá a avaliación suspensa. Dado que a materia ten unha avaliación continua, se esta situación se dese no terceiro trimestre, o alumno/a terá que recuperar a materia na proba final.

Lecturas obrigatorias:

As lecturas obrigatorias serán tres (unha por trimestre) e poden ser avaliadas por medio de diferentes probas: traballos escritos seguindo un guión previamente entregado ao alumnado; por medio dun exame escrito ou tamén por unha exposición na aula. Os traballos de lectura serán avaliados coa mesmas notas que figuran abaixo: MB (10), MB- (9), NOT (8), NOT- (7), B (6), B- (5), R (4), R- (3), MAL (2) e NP (0). O alumnado que queira pode realizar outra lectura voluntaria (sumará ata 0'5) que será computada neste apartado da nota na avaliación final.

Realización na aula (e/ou na aula virtual) e traballos feitos

Todas as tarefas que o alumnado fai como deberes, serán corrixidas pola profesora na aula ou fóra dela. Estas serán revisadas e cualificadas coas seguintes notas: MB (10), MB- (9), NOT (8), NOT- (7), B (6), B- (5), R (4), R- (3), MAL (2) e NP (0). No caso de que alguén entregue a actividade fóra de prazo, a nota será de NP (0), aínda que o profesor a corrixa e lla devolva ao alumno.

En 1º fixamos dous traballos escritos ao mes relacionados coas distintas unidades (análise dunha canción, dunha noticia, de anuncios publicitarios... comentario de textos literarios, descrición, redacción...). Ademais, revisaranse os traballos feitos na casa e/ou na aula (ou na aula virtual). Se non se teñen, a nota será de NP (0).

Tomaranse anotacións sobre o esforzo e traballo diario, sobre a participación positiva e respectuosa, a atención na aula, respostas correctas ás preguntas que xurdan na aula, tarefas da clase e da casa sempre feitas e a puntualidade na entrega de traballos escritos, así como unha presentación coidada de todos os materiais entregados. Poderá considerarse abandono da materia cando un alumno non faga sistematicamente as actividades que se lle piden, cando non trae repetidamente o material á clase, cando deixa os exames en branco ou practicamente en branco.

Esta actitude negativa será comunicada ao titor para que llelo faga saber aos pais ou tutores legais.

--- Cualificación trimestral: A nota de cada avaliación corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abrangidas nel aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas.

--- Cualificación ordinaria: Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres (incluídos os decimais), sempre que estean aprobadas, é dicir, se se chega a unha nota de 5 ou superior.

--- Cualificación final: Para superar a materia o alumnado deberá ter unha media aritmética de 5 puntos ou superior tendo en conta o conxunto de actividades de avaliación, sendo as probas escritas só unha parte delas.

Criterios de recuperación:

Dado que a materia de Lingua Galega e Literatura ten unha avaliación continua, non se realizarán exames de recuperación ao longo do curso, senón que o alumnado terá que demostrar, a medida que avanza o curso lectivo, que foi mellorando e que finalmente acada os obxectivos que lle permiten aprobar a materia. Con este fin, na terceira avaliación, inclúiranse algunhas cuestións referidas aos criterios de avaliación e contidos máis importantes das anteriores. Se hai alumnado que non teña aprobada a materia, terá dereito a facer unha proba final nas últimas sesións de clase, unha proba escrita que se cualificará cos mesmos criterios de avaliación e de cualificación do resto do curso. Se se ten só unha avaliación suspensa, a proba será referida só a esa avaliación. Se se teñen dúas ou tres avaliacións suspensas, a proba será referida aos criterios de aprendizaxe e contidos traballados todo o curso. A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso non hai alumnado coa materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas orientáanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

Aplicaranse as recollidas no Plan anual de atención á diversidade. Neste curso 2023/24, contamos con medidas de atención de carácter ordinario (convivencia inclusiva, seguimento do alumnado repetidor, os reforzos educativos (RE)) e medidas de atención de carácter extraordinario como poden ser a adaptación curricular (AC). Terase en conta tamén o Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario, para o alumnado que o precisan.

Neste curso contamos con ter algúns alumnos con TDAH, algún con dislexia, outro cun trastorno do espectro do autismo, así como un proposto para AC.

Para atender esta diversidade, aplicaremos os protocolos establecidos pola Consellería da maneira máis axeitada a cada alumno ou alumna.

Ás AC adaptaráselles os contidos, os obxectivos e os criterios de avaliación. No primeiro caso, reduciranse os contidos aos establecidos nos mínimos de consecución e nos criterios de avaliación serán avaliados tendo en conta a redución das porcentaxes indicadas nos criterios de avaliación da PD e na non aplicación de todos eles.

No caso de que ao longo do curso se matriculase algún alumno ou alumna con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, altas capacidades, Down ou discapacidade intelectual, TDAH, absentismo, atención temperá seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comunicación audiovisual			X			X	X	
ET.2 - A competencia dixital		X	X			X		X
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico		X					X	
ET.4 - A educación emocional e en valores						X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero			X		X			X
ET.6 - A creatividade	X		X		X		X	
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable				X			X	
ET.8 - O emprendemento social e empresarial						X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - A comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - A comunicación audiovisual	X
ET.2 - A competencia dixital	X
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico	X
ET.4 - A educación emocional e en valores	X
ET.5 - A igualdade de xénero	
ET.6 - A creatividade	X
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	
ET.8 - O emprendemento social e empresarial	
ET.9 - A comprensión lectora	X
ET.10 - A expresión oral e escrita	X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1º trimestre -Lecturas públicas na biblioteca	Nos recreos, para colaborar coa actividade do Día do lector e da lectora			
2º trimestre- Recital do Día da Poesía	Colaboración no recital poético no centro para homenaxear a Rosalía de Castro no Día da Poesía			
3º trimestre- Reseñas ou trípticos sobre Luísa Villalta	Celebración das Letras Galegas e colaboración coa revista escolar O Gherreiro			

Observacións:

Estas actividades están relacionadas directamente coa materia, pero poderían incluírse outras de carácter interdisciplinar con outros departamentos, como saídas culturais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. O alumnado e as familias foron informados dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
2. Fíxose un seguimento da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
3. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
4. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
5. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos e a utilización das TIC.
6. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (Equipo de Orientación, EDLG, Biblioteca...).
7. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
8. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
9 Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
10. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente.

Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes". Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 4, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP).

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 16 de maio de 2023 que se expresan a seguir:

-Introdución

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias

-Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.

-Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos

-A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia

-Medidas de atención á diversidade

-A concreción dos elementos transversais

-As actividades complementarias

-A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica

En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

-A programación entregouse no prazo establecido normativamente.

-O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.

-Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.

-Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.

-En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

-Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.

-Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.

-Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.

-Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.

-Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.

-Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 4.

1. Consegue acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).

8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 4 .
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

9. Outros apartados

1. Accións de contribución ao proxecto lector

Dedicarase un mínimo de 20 minutos por sesión á lectura e comprensión de textos.

O tipo de textos tratados nesta materia serán gráficos, mapas, literarios, expositivos, argumentativos, publicitarios, xornalísticos, esquemas... e os tipos de soportes: libros, material dixital e xornais.

Á parte, realizaranse as seguintes accións de fomento da lectura: preparación de lectura de poemas en datas próximas ao Día da poesía.

Velarase polo cumprimento da Hora de Ler, respectándoa cando coincida no tempo da materia.

2. Accións de contribución ao plan dixital

Ademais dos obxectivos dos plans de acción do plan dixital do noso centro, prestarase especial atención ás seguintes accións: -Fomentar que o alumnado empregue as novas tecnoloxías na realización de traballos e na exposicións dos mesmos na aula. - Actualizar a páxina web do departamento, dentro da páxina web do instituto. - Elaborar, na medida do posible, artigos para a publicación na revista dixital do instituto. - Elaborar apuntamentos de varios temas/boletíns e utilización de aulas virtuais.- Empregar de xeito regular equipamento TIC para navegar por Internet así como para explicar os contidos de diversas unidades. - Visualizar vídeos e/ou DVD's na aula relacionados coa programación desenvolvida.-Utilizar nos ultraportátiles do alumnado proporcionados polo proxecto E-Dixgal as aplicacións de software libre para a realización de actividades.

3. Accións de contribución ao plan de convivencia

O plan de convivencia ten como obxectivo garantir un ambiente educativo de respecto mutuo. Os tipos de conflitos que se dan con máis frecuencia son: - Alteración na aula: falar a destempo, levantarse... - Distraccións e falta de atención.- Non facer as tarefas encomendadas. - Perda de respecto entre iguais e/ou a profesorado. Para evitalos, é importante que o alumnado coñeza claramente as NOF. Manterase unha clase motivada e atenta, prestando atención ó alumnado con NEAE. Traballarase estreitamente co Dpto. de orientación e coa XE. Favoreceranse actividades interdepartamentais facilitadoras da convivencia. Manterase un contacto fluído coas familias quedando á súa disposición co fin de mantelos debidamente informados de calquera problema ou situación relevante que se producise empregando como medios Abalar, aula virtual e titorías telefónicas ou presencias.